



## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	<b>CELGA 2</b>
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	<input type="checkbox"/> Home	<input type="checkbox"/> Muller	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.





# Celga

Certificado  
Lingua  
Galega

# 2







## Proba A1

---

Vostede acaba de ver un programa de televisión sobre as Illas Cíes. Hai tempo que desexa visitalas e decide escribirlle unha **mensaxe electrónica** a unha amiga para que se anime a acompañalo. No texto, en **200 palabras**, ten que:

- Saudala e convidala a facer xuntos unha excursión ás Illas Cíes.
- Comentarlle brevemente como son e describirlle as súas praias.
- Explicarlle como ir e contarlle como poderían organizar o día.
- Indicarlle o que deben levar para pasar a xornada e despedirse.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA  
COMECE NA SEGUINTE





ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A1 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the text. It is intended for the student to write their answer to the exam question.

## Proba A2

Vostede, moi deportista desde sempre, ten un familiar interesado en que o seu fillo comece a practicar algún deporte, pero non sabe que decisión tomar, e pediulle consello. Logo de ler este artigo nunha revista, escribelle unha **mensaxe electrónica**. No texto, de **200 palabras**, ten que:

- Saudalo e contarlle brevemente como foi a súa experiencia co deporte na infancia.
- Comentarlle cales son os beneficios de facer deporte e advertilo dos posibles danos.
- Suxerirlle o deporte que considera máis axeitado tendo en conta as necesidades do neno.
- Informalo tamén sobre outras actividades alternativas ás deportivas e despedirse.

### APRENDIZAXE E DIVERSIÓN AO SAÍR DA CLASE



As actividades deportivas axudan ao desenvolvemento físico dos nenos e a que melloren capacidades como a coordinación, a axilidade e o equilibrio. No plano social, os menores aprenden a asumir responsabilidades, comprenden as normas, viven éxitos e afrontan fracasos. Así e todo, cómpre tomar certas precaucións, xa que cando esta actividade supera os límites máximos permitidos —con posicións incorrectas ou cargas excesivas—, pódense producir efectos indesexables. Por iso, é indispensable que o deporte infantil sexa impartido por especialistas que adapten a actividade á idade e condición física do menor. Algunhas opcións son:

- **Patinaxe artística.** Mellora a coordinación e o equilibrio. Os músculos das pernas adquiren maior forza e elasticidade. Indicada a partir dos 6 anos.
- **Artes marciais.** Favorecen o desenvolvemento mental e a concentración, o que lles permite aprender a dominar os impulsos. Melloran a forza, a velocidade e a disciplina. Aconséllanse tanto para nenos tímidos, xa que lles dá seguridade, como agresivos, pois poden descargar o exceso de enerxía.
- **Fútbol.** Mellora a velocidade e fomenta o traballo en equipo. Antes dos 8 anos, practícase só como xogo. A partir desta idade, pódese participar en competicións infantís.
- **Natación.** É unha das actividades deportivas máis completas. Os exercicios suaves combinados coa auga a unha temperatura agradable fano comer e durmir mellor e, en consecuencia, melloran o seu carácter e comportamento. O adestramento máis intenso non se debe comezar antes dos 10-12 anos.
- **Xadrez.** Aprende a pensar, a mellorar a memoria e a concentración. Ensina a tomar decisións e a asumir os acertos e os erros. Desenvolve o sentido da responsabilidade e aumenta a paciencia. Indicado a partir dos 7 anos.

As actividades artísticas potencian o gusto pola estética, a creatividade e a reflexión. Entre as máis solicitadas están:

- **Teatro.** Estimula a memoria, a imaxinación, a creatividade e o control dos movementos. Fomenta a lectura. Indicado a partir dos 8 anos.
- **Música.** Mellora a capacidade de concentración e a memoria. Os instrumentos máis recomendables para nenos son o piano, a frauta e os de percusión. Indicada a partir dos 4 anos.
- **Danza.** Desenvolve o sentido musical, a coordinación e o traballo en equipo. Ademais, potencia a memoria e estimula a sociabilidade. Indicada a partir dos 4 anos.

Texto adaptado da revista *Eroski Consumer*

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA  
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the text. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA  
**CELGA**

**FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA**

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

